

SESIÓN: VENRES 29 DE MAYO, 2020.

L. GALEGA

4º DE ED. PRIMARIA

Bos días, nenos e nenas:

Xa é venres! E remataremos a semana, aprendendo un pouquiño máis sobre vocabulario relacionado co...

CINE

ACTIVIDADES

1. Cubre as seguintes invitacións coas palabras axeitadas:

sesión

ficción científica

estrea

son

espectadores

pantalla

Convidámolo á mundial do filme de *Aluaxe forzosa*, coa que inauguraremos a nova da sala 3D. Esperámolo! Atentamente,

VidaFilmes

Co motivo do Día do Cinema Familiar, convidámolo a unha infantil. Os máis cativos poderán gozar en primicia do novo envolvente. Atentamente,

VidaFilmes

2. Cal é a palabra intrusa? Ríscaa.

entrada

decorado

lentes

flocos de millo

fileira

butaca

cámara

platea

3. **Escribe o verbo que corresponda a cada substantivo, relacionado co cine:**

- *Filme:* *filmar.*
- Rodaxe: _____
- Proxector: _____
- Acomodador: _____
- Actor: _____
- Escena: _____

4. **Cambia a palabra destacada por un antónimo.**

- A actriz **rexeitou** un papel na película: _____
- Moito me **aburren** os efectos especiais: _____
- Hoxe o cine está **baleiro**: _____
- O heroe entrou nun lugar **escuro**: _____

5. **Fíxate nas seguintes expresións e pensade o que poden significar... E despois, podes usalas.**

- Na excursión ***pasámolo de cine:***

- Non me ***contes películas!*** Debíchelo facer!

6. Déixovos unha actividade de investigación.



Estas fotografías son dalgúns cines que había en Ferrol, hai algúns anos. Hoxe, soamente queda un cine na cidade (“Cine Dúplex”) e salas de cine, no centro comercial Odeón.

Tedes que preguntar aos vosos pai-nais, avós-avóas, tíos-tías... nomes de cine que había en Ferrol ou no lugar onde eles/as naceron, cando eran pequenos/as.

- *Onde estaban?*
- *Como eran?*
- *Que películas viron?*
- *Que sesións había?*

E para a semana, me contades! Parcévos?

E con isto rematamos a semana! Deséxovos unha FIN DE SE MANA DE CINE!

Disfrutade moito!



Quérovos! Moitos bicos.